

CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega nº 3-Xul.
2020



CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos
ISSN 2603-9583

COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

COLABORACIONES

Ángel Arcay Barral
Carlos Barja Márquez
Erea Blanco Balvis
Fanny Bourdón Fernández
Paula Cousillas Pena

Adrián Feijoo Sánchez
Sara Fraga Pérez
Jesús Manuel García Díaz
Miguel Giadás Quintela
Fátima López Freire
Sara Pajón Soto

Fran Quiroga
Juan Antonio Rodríguez Arnao
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera
Xesús Torres Regueiro
Ricardo Varela Fernández

COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)
Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)
Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)
David Martín López (Universidad de Granada)
Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)
José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)
Patrizia Granziere Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)
Paz Moreno Felín (Universidad Nacional de Educación a Distancia)
Uxia Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)
Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

DESEÑO E ILUSTRACIONES

Axóuxeres e chisqueiros, Yosune Duo Suárez, Gaila Louro, Arkaitz Rodríguez Brage, Adri Seara, Diana Sobrado, Jose Souto e Mar Vieites fixeron as portadas dos artigos. Mar Vieites fixo ademais a cuberta e o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Balduino) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos), a ilustración das palabras chave (inspirada na Fonte das Catro Estacións) e encargouse de maquetar.

PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto:



www.casadosespellos.gal



facebook.com/casadosespellos/



casadosespellos@gmail.com



Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns

pax 8 - 31

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

O Parque do Pasatempo na revista *Vida Gallega*

pax 32 - 41

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

El panorama de las exposiciones universales

pax 42 - 53

Fanny Bourdón Fernández

Aproximación ó folclore a través do Proxecto “Escoitar, Aprender e Compartir”

pax 54 - 63

Fátima López Freire e Sara Fraga Pérez

A Casa do Povo de Betanzos

pax 64 - 67

Xesús Torres Regueiro

O Parque do Pasatempo no arquivo familiar de Bernardino Machado, presidente da República Portuguesa

pax 68 - 89

Ángel Arcay Barral e Joana Rosas Amoroso

Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo

pax 90 - 103

Sara Pajón Soto, Miguel Gadás Quintela, Erea Blanco Balvis e Paula Cousillas Pena

Donde che van as cores? O traxe tradicional galego como indicador do estado civil

pax 104 - 121

Sara Fraga Pérez

Dos maestras de Betanzos purgadas como izquierdistas por el franquismo

pax 122 - 129

Jesús Manuel García Díaz

El balneario como ciudad ideal. El ejemplo de Cabreiroá

pax 130 - 139

Carlos Barja Márquez

Contexto e prexuízo no Parque do Pasatempo

pax 140 - 151

Ricardo Varela Fernández

Un intento de situar á cidadanía no centro da creación contemporánea

pax 152 - 163

Fran Quiroga

**Reseña: Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho (eds.) (2019).
Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo. Ed. Galaxia, Vigo**

pax 164 - 173

Adrián Feijoo Sánchez

Manteniendo la memoria: las postales del Pasatiempo

pax 174 - 202

Juan Antonio Rodríguez Arnao



COMPROMETAMONOS CO PASATEMPO
UNHA PROPOSTA DE APRENDIZAXE-SERVIZO
DENDE O AMBITO EDUCATIVO



Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo

Erea Blanco Balvís

Paula Cousillas Pena Miguel Gidás

Sara Pajón Soto

Quintela

<https://orcid.org/0000-0001-7914-1612>

<https://orcid.org/0000-0003-2748-7923>

Ilustración: **Jose Souto**

Resumen

A metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo (ApS) ou Service Learning conta cunha longa traxectoria que a avala como un dos métodos máis eficaces do ámbito educativo, pois con ela o alumnado aprende facendo un servizo. Ademais dos múltiples beneficios que achega ao alumnado e ao ensino, esta ferramenta comporta un impacto positivo dende o punto de vista social, pois a finalidade desta é transformar as necesidades existentes na contorna.

Tendo en conta esta posibilidade, no seguinte artigo presentamos un proxecto dende o ámbito educativo centrado no Parque do Pasatempo, co obxectivo de ofrecermos unha alternativa que implique a toda a sociedade no coñecemento e posterior reivindicación para a recuperación deste tesouro do noso patrimonio material.

Palabras chave: Aprendizaxe-Servizo, ámbito educativo, Parque do Pasatempo, educación integral, intervención social.

Abstract

The Service-Learning approach counts with a long history in the educational field, making it one of the most efficient methods within this area, since students acquire knowledge while providing a service to the community. In addition to its beneficial contribution to both the students and the teaching process itself, this educational tool has a positive impact within the scope of social sciences, as its purpose is to transform and improve the existing necessities in the local community.

Bearing all this in mind, the following article presents an educational project focused on the Pasatempo's Park, whose main aim is to offer an alternative which will get the whole society involved in the knowledge and the subsequent claim to the recovery of this treasure belonging to our material heritage..

Keywords: service Learning, educational field, Pasatempo Park, integral education, social intervention.

"O verdadeiro éxito da educación consiste en formar bos cidadáns capaces de mellorar a sociedade"

Roser Batlle

Introdución

De certo, Betanzos é cativo soamente en canto á súa extensión territorial e demográfica, xa que non o é así en relación ao patrimonio, posto que este concello destaca polo seu inmenso legado cultural, relixioso, arqueolóxico e arquitectónico, erixido con esplendor, a pesar da inevitable pegada do tempo.

O Parque do Pasatempo forma parte da riqueza de Betanzos, e tanto a súa peculiar construción, modernista e romántica, como a súa finalidade primixenia, pedagóxica e lúdica, chamaron a nosa atención cando nós, antigos estudantes de mestrado, procurabamos unha *necesidade social* e, por desgraza, o Pasatempo nese momento -e aínda na actualidade- encaixaba dentro dese perfil.



Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo
Erea Blanco Balvís, Paula Cousillas Pena, Miguel Geadás Quintela e Sara Pajón Soto

Por aquel entón, o Parque era noticia e nel poñíase o foco, non só para destacar a súa importancia histórica ou arquitectónica, senón tamén para amosar o mal estado no que aínda se encontra. Neste sentido, o seu deterioro semella ser un leitmotiv, posto que vén sendo un tema recorrente dende os anos corenta do século pasado. Así foi como todos nós puidemos coñecer mellor o Parque e decidimos elaborar un traballo no que implicásemos o alumnado na súa posta en valor, coa finalidade de comprometermos na súa recuperación.

En consecuencia, o que se recolle a continuación nas seguintes páxinas é froito dun proxecto levado a cabo durante o curso académico 2016-2017, nas aulas de Innovación Docente e Investigación Educativa, unha das materias encadradas dentro do Mestrado en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas da Universidade de Santiago de Compostela. A maioría dos integrantes que formabamos parte dese grupo subscriben o artigo, mais debemos facer unha breve mención a Nerea Ruanova Álvarez, promotora principal de incorporarmos o Pasatempo no proxecto, e a Tania García Conde. A elas, agradecemos a súa disposición, pois permitiron que as demais integrantes



publiquemos por vez primeira esta experiencia piloto artellada hai xa uns anos.

Coidamos, en definitiva, interesante e axeitado dar a coñecer a través deste medio, *Casa dos espellos*. *Revista poliédrica da cultura galega*, a proposta educativa que o noso grupo elaborou, co obxectivo de que os diferentes axentes sociais, principalmente os da área do ensino, contemplan a posibilidade de abordaren proxectos comprometidos no coñecemento e na recuperación do noso inmenso patrimonio, neste caso, do Parque, dende a metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo (ApS) ou Service Learning.

Tendo en conta o dito, este artigo dividirase nun primeiro apartado, no que abordaremos dende o punto de vista conceptual o que se entende por ApS, pois foi este o enfoque que empregamos para elaborar o noso proxecto. A continuación, nun segundo apartado, explicaremos de maneira breve a historia e composición do Parque do Pasatempo, coa finalidade de xustificarmos a imperante necesidade de promovermos a súa recuperación. Finalmente, incorporaremos un terceiro apartado no que desenvolveremos unha proposta didáctica enfocada dende o ámbito das linguas. Distribuiremos esta unidade en tres fases, correspondentes cada unha delas aos pasos a seguir nun proxecto ApS. Destas tres fases, centrarémonos principalmente na segunda, porque nela se inclúen as actividades para dar a coñecer o Parque entre o alumnado e os demais axentes sociais implicados.

A metodoloxía Aprendizaxe-Servizo

Na actualidade, as propostas baseadas na metodoloxía ApS son numerosas, evidencia demostrable se fixermos unha procura rápida na rede, posto que esta devolveranos un feixe amplo e diverso de proxectos levados a cabo por diferentes ámbitos e comunidades. Neste sentido, tal e como afirma o profesor Uruñuela, as propostas ApS están estendidas por todo o mundo, pois este método conta cunha xa dilatada traxectoria en diferentes lugares dos EUA e de América Latina, así como no contexto español, pois no noso Estado existe tamén un

longo percorrido, con diversas comunidades referentes como Catalunya, berce desta metodoloxía, Madrid, Valencia ou o País Vasco (Uruñuela, 2018, p. 20).

A esta inxente cantidade de proxectos e dilatada traxectoria por parte de diversas comunidades súmaselle, como non podía ser doutro xeito, a vizosa bibliografía da que dispoñemos sobre a materia, polo que resulta interesante que nomeemos algunha das obras referentes no noso contexto. Destacamos o traballo *Proyectos con alma* de Xus Martín, tamén *11 ideas clave. ¿Cómo realizar un proyecto de Aprendizaje Servicio?*, obra coordinada por Josep María Puig ou aínda *El Aprendizaje Servicio en España. El contagio de una revolución pedagógica necesaria* de Roser Batlle. Este pequeno apunte bibliográfico, que se ben non o empregaremos directamente no presente artigo, pode resultar útil a aquelas persoas lectoras que desexen iniciarse ou afondar neste ámbito. Con todo, e tal e como acabamos de mencionar, a rede está chea de contido didáctico e ilustrativo que nos pode ser de grande utilidade.

En primeiro lugar, e para definirmos o que se entende por ApS, recorreremos principalmente á pedagoga Roser Batlle, por ser ela a pioneira en incorporar este método en España. Na actualidade, Batlle é presidenta da Red Española de Aprendizaje Servicio, ademais de ser membro de diferentes organizacións, tales como o Centre Promotor de Aprentatge Servei de Catalunya e tamén do centro vasco Zerbiskas Fundazioa ou aínda da Red Iberoamericana de Aprendizaje Servicio.

Por tanto, e a pesar da disparidade conceptual deste método, coidamos que Batlle e o Centre Promotor de Aprentatge e Servei sintetizan ben o significado da ApS, definíndoa como “unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado e no que os participantes se forman ao traballar sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas” (Centre Promotor de Aprentatge, s.d., <https://aprenentatgeservei.cat/>) ou, o que é o mesmo e en palabras de Batlle, a ApS trátase

de “aprender facendo un servizo á comunidade” (CONVIVES, Entrevista a Roser Batlle, 2016, pp. 76-85). Esta metodoloxía, por tanto, é unha ferramenta de ensino que combina dous elementos educativos “ben coñecidos como son a aprendizaxe baseada na experiencia e o servizo á comunidade”. É precisamente esta dualidade a que fai dela unha achega beneficiosa, posto que a “aprendizaxe fornece calidade ao servizo que se presta e o servizo outorga sentido á aprendizaxe” (Batlle, R. s.d., p.4).

Neste punto, debemos aclarar que a ApS pode ser confundida co voluntariado, mais a súa finalidade é diferente, posto que a ApS busca acadar uns obxectivos concretos e explícitos de aprendizaxe, -académica, en valores e en competencias- (Uruñuela, 2018, pp. 54-55). Así, Batlle pon un exemplo claro para distinguilos, pois “plantar unha árbore é un acto solidario e investigar sobre as características do monte e as causas da súa degradación é unha actividade de aprendizaxe, pero comprometerse nunha campaña de reforestación aproveitando o estudado é Aprendizaxe Servizo” (Batlle, R. s.d., <https://roserbatlle.net/>).

Tal e como afirma Uruñuela, esta metodoloxía educativa é necesaria porque a educación debe





Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo
Erea Blanco Balvís, Paula Cousillas Pena, Miguel Geadás Quintela e Sara Pajón Soto

ser integral, tal e como recolle precisamente a lei educativa (Uruñuela, 2018, p.15). Isto é, o alumnado debe adquirir dentro da súa formación non só uns coñecementos académicos, senón unha serie de competencias que lle permitirán un maior desenvolvemento social ao longo da súa vida. Precisamente, o que permite a ApS é incorporar nun mesmo proxecto todos esos saberes académicos que o alumnado debe adquirir, ao mesmo tempo que aprende ditas competencias -mellorar nas súas destrezas comunicativas verbais e non verbais, reflexionar criticamente sobre diversos aspectos da realidade, formarse na empatía e na solidariedade, aprender de maneira autónoma, entre outras-.

Ao fío do anterior, a ApS permite que o alumnado adquira ademais unha aprendizaxe significativa, posto que ao estaren traballando na contorna poden poñer en práctica os coñecementos teóricos vistos na aula. Isto, á súa vez, resulta beneficioso porque o alumnado atopa sentido ao que estuda e mellora no seu rendemento e na motivación individual e grupal. Ademais, este tipo de proxectos colaborativos melloran o clima da aula, xa que son traballos que eles mesmos planifican e coordinan, posto que teñen un papel principal na toma de decisións.

Por último, e para non estendernos máis, os proxectos de ApS son necesarios debido ao tecido social que conforman. Deste xeito, ponse en movemento unha estreita comunicación entre dito centro e os diferentes grupos e institucións que tamén forman parte da sociedade. A ApS, en definitiva, educa na necesidade do servizo aos demais, poñéndonos en contacto con eles, e contrarresta a filosofía imperante na actualidade baseada nunha sociedade individualista (Uruñuela, 2018, p.18).

Breve historia do Pasatempo



Unha vez explicada a metodoloxía ApS, resulta imprescindible dar un repaso á historia do Parque, co fin de comprendermos mellor o proxecto que aquí se propón. É necesario, ademais, realizar tamén algunhas observacións pertinentes sobre o estado actual deste, xa que sermos conscientes do seu deterioro e promovermos a súa recuperación son obxectivos chave desta proposta educativa.

Así pois, resulta ben coñecido que o Parque do Pasatempo é obra dos irmáns García Naveira, Juan e Jesús, dous fillos de labradores -José García Camposa e Joaquina Andrea Naveira López- nados en Betanzos en 1849 e 1853¹ respectivamente. Ambos irmáns, de orixe humilde, emigraron a Arxentina, onde puideron obter unha gran fortuna, debido á súa dedicación a actividades relacionadas

¹A información relativa á vida dos irmáns García Naveira e ás diferentes obras feitas por eles para a cidade de Betanzos aparecen en numerosas publicacións e revistas. Neste caso, a maioría da información está tirada de Rodríguez Arnao (2018) e de De la Fuente García (1999).

co comercio. Grazas á súa nova situación financeira, viaxaron por diversas partes do mundo en diferentes ocasións, feito que lles permitiu aumentar o seu nivel cultural. Unha vez retornados á súa cidade natal, levantaron diferentes construcións que tiñan por obxectivo axudar os máis desfavorecidos de Betanzos e mellorar a educación e a calidade de vida dos seus concidadáns. Como menciona Rodríguez Arnao “lo increíble de estos hermanos es que fueron unos indianos de generosidad infinita, que no se limitaron a levantar edificios sin contenido, sino que se preocuparon de dotarlos de medios para mejorar la vida de los betanceiros” (2018, p. 493).

Precisamente, é neste contexto filantrópico no que nace o Parque do Pasatempo, idea promovida principalmente por Juan, aínda que o seu irmán Jesús tamén colaborou e formou parte activa no proceso (De la Fuente García, 1999, p. 419). Os irmáns, decatándose de que o desemprego e o analfabetismo eran as grandes eivas da sociedade daquel entón, puxeron en práctica a súa mentalidade empresarial e concibiron o Parque como un medio para intentar diminuír estas problemáticas.

A construción do Parque, coñecido popularmente e nos seus inicios como “La huerta de don Juan”², comezou en 1893. Para o seu levantamento precisáronse numerosos terreos, chegando a unha superficie de 90.000 metros cadrados, na zona do Carregal. As obras finalizaron oficialmente en 1914, aínda que o Pasatempo nunca deixou de ser ampliado e remodelado ata a morte do seu mecena. Os labores de construción sempre foron realizados por artistas, artesáns e obreiros locais, todos supervisados e dirixidos pola man de Juan (De la Fuente García, 1999, p. 426) Ademais, a edificación do Parque daba traballo á poboación betanceira sen recursos e ofrecía unha formación tanto laboral como cultural

aos obreiros que participaban dela (Rodríguez Arnao, 2018, p. 494).

Ao mesmo tempo, o Pasatempo tamén estaba concibido como medio de beneficio económico, posto que o diñeiro recadado coa venda de postais e de entradas estaba destinado ao Asilo de anciáns. Así pois, o Parque constituíuse como un axente vertebrador da sociedade, actuando en tres vertentes: proporcionando traballo e formación aos obreiros e artesáns, sendo lugar de ocio e aprendizaxe para os seus visitantes e axudando economicamente á obra social do Asilo. Como se pode observar, o Parque non foi só unha obra particular duns indianos senón que naceu co claro propósito de educar e entreter.

O deterioro do Parque do Pasatempo comeza en 1933 tras morte de Juan, debido a que era unha obra de difícil autofinanciamento e a que este non deixou instrucións no seu testamento sobre como tratalo (De la Fuente García, 1999, pp. 426-428). Ademais, a Guerra Civil acelerou o seu declive. Nas décadas posteriores, a falta de medios dificultou e agudizou o seu rápido deterioro. O Parque converteuse nunha paraxe abandonada e de fácil saqueo, pois moitos dos obxectos que alí había foron roubados ou vendidos.

Con todo, e a pesar de que nesta época xa había voces interesadas na súa defensa, non foi ata 1980 cando se propuxo a primeira petición de restauración por parte da organización *Adelpha*, que ademais solicitaba considerar o Pasatempo como ben artístico. Grazas a esta iniciativa, logrouse que fose declarado Zona Verde Pública. Porén, isto non evitou que en 1985 se procedera á demolición da Casa Taquilla e da Casa dos Espellos, co fin de construír un aparcadoiro, tempo despois convertido na Piscina Municipal³. En 1986, o Concello de Betanzos merca o Parque e procede á demolición do Estanque dos Papas, construíndo un campo de fútbol no seu lugar.

² Segundo Mariño Espiñeira (1999, p. 445), o Pasatempo pasou a estar englobado na categoría de xardín temático unha vez que os visitantes desfrutaron da escenografía do seu interior.

³ Esta información procede da páxina web do Cronista Oficial de Betanzos <http://www.cronistadebetanzos.com/el-pasatiempo-de-betanzos-imagenes-de-un-desatino-ii/>



Comprometémonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo
Erea Blanco Balvís, Paula Cousillas Pena, Miguel Gíadás Quintela e Sara Pajón Soto

Co paso dos anos, o Parque continúa deteriorándose, ata que en 1996 propónse outro plan de actuación que ten por obxectivo a súa revalorización. Esta iniciativa xorde vinculada a outro proxecto formativo, o das Escolas-Taller (Crespí Rodríguez, 2006, p. 448), que traballaron no Parque entre 1993 e 1997. Porén, hoxe en día sábese que esta intervención non foi a adecuada, xa que unha sentenza do Tribunal Supremo resolta en 2007 obrigou a cancelar os labores de recuperación e conservación, debido ás irregularidades e erros cometidos no proceso. Malia isto, en 2013 asistimos á creación do blogue *Pasatiempo*, xerme do que será posteriormente a Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo -constituída oficialmente en 2017-, como reflexo directo da constante preocupación existente dunha parte importante da sociedade que insiste en recuperar o Parque.

Finalmente, cabe mencionar que recentemente o Pasatempo sufriu danos severos, xa que en febreiro de 2017 produciuse un derrubamento no Estanque da Gruta e en outubro de 2018 outro no Estanque do Retiro. Neste sentido, diferentes medios de comunicación⁴, como por exemplo os xornais *La voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión* ou o *Faro de Vigo* deron a coñecer o rápido deterioro das instalacións. Na actualidade, o Parque atópase pechado dende o 24 de outubro de 2018, debido ao derrubamento dunha das esculturas. Aínda que xa se fixo efectiva a entrega da consideración BIC⁵ para o Parque, e a pesar de que existe unha promesa de reunión entre a Xunta e o Concello para avanzar nas obras do Pasatempo, segue sendo imprescindible a posta en valor deste, de maneira que por fin se reparen todos os danos e atropelos causados a esta peza relevante do noso patrimonio material.

O Parque do Pasatempo: unha aplicación práctica coa metodoloxía ApS

A proposta de actividades que aquí presentamos para levar a cabo un posible proxecto ApS sobre o Pasatempo é unha breve aproximación hipotética sobre as múltiples posibilidades que pode proporcionar dita metodoloxía. Non se trata, por tanto, dun documento que pretenda ofrecer unha serie de actividades pechadas e no que se describan todos os pasos a seguir dun proxecto deste tipo, senón máis ben dunha serie de tarefas que poderían ser realizadas por parte dun centro educativo e en relación directa con outras entidades integradas dentro da sociedade betanceira.

Neste caso, consideramos que a proposta se podería desenvolver no Instituto de Educación Secundaria As Mariñas, na localidade de Betanzos e que poderíamos traballar co alumnado de cuarto curso da ESO. Escollemos este curso porque consideramos que o alumnado ten a madurez suficiente para tratar co público ao que se destinan as visitas guiadas e por tratarse do último curso de ensino obrigatorio. Ademais, a proposta está pensada para ser implementada desde a materia de Lingua Galega e Literatura⁶, mais en relación con outras materias implicadas. De feito, é imprescindible a conexión entre estas, xa que estes proxectos se caracterizan pola súa interdisciplinidade, poñendo de relevo a conexión existente entre os diferentes contidos curriculares.

Tendo en conta que o obxectivo final é a de coñecermos o valor cultural do Parque e apostar pola reivindicación da súa conservación, ocorréusenos que con este grupo e principalmente desde esta materia, o

⁴ Todas as noticias dos medios que fan referencia ao estado do Parque están recollidas no apartado de “Hemeroteca” dentro de www.parquepasatiempo.blogspot.com.

⁵ Ben de Interese Cultural.

⁶ Elixíuse esta materia porque o noso grupo era de lingua e literatura e a materia de galego, a diferenza doutras, é, xunto co español, a lingua oficial.

alumnado crease unha ruta turística por este⁷, para finalmente poñelo en práctica na vida real con outros grupos. Neste sentido, discorremos que os destinatarios desta ruta poderían ser por exemplo o alumnado do Centro de Educación Infantil e Primaria Francisco Vales Villamarín ou incluso algún grupo de maiores ou de emigrantes que residan no concello, para promover a súa integración na localidade e o seu coñecemento sobre a súa historia, así como establecer unha comunicación interxeracional cos diferentes grupos implicados. En todos os casos, resultaría gratificante tanto para o alumnado como para o grupo destinatario, xa que estarían en contacto persoas de xeracións e vivencias totalmente diferentes, o que daría lugar á transmisión de experiencias vitais moi gratificantes.

Con todo, e se ben é certo que o deseño desta ruta por parte do alumnado cumpre o obxectivo primordial de coñecermos e valorarmos o Parque como ben que debemos conservar, hai que ter en conta que tamén perseguimos o obxectivo de instarmos pola súa recuperación. Así, é relevante que o noso alumnado, como protagonista deste proxecto, implique de forma directa os responsables do mantemento do Parque. Para isto, propoñeríamos que o grupo puidese falar, ben por escrito ben de maneira oral, co Concello e co equipo de turismo desta institución, coa finalidade de incluír a ruta deseñada por eles mesmos como unha oferta cultural máis.

Tal e como mencionamos anteriormente, o proxecto ApS consta de tres fases e a todas elas debemos prestar atención. Na primeira fase, o profesorado das diversas materias en cuestión encargaríase de orientar e guiar o alumnado durante a recollida de información sobre o Parque, dende diferentes perspectivas, tales

como a histórica, a artística ou a tecnolóxica, entre outras. Para isto, coidamos que o máis adecuado sería primeiramente propoñer en gran grupo todo o que resulta de especial interese para coñecer o Parque e logo que este se dividise por grupos e por bloques de contido. Posteriormente, tras a busca de información en pequenos grupos, expoñerían os datos obtidos co resto da clase. Así, e sempre coa guía do profesorado, é o propio estudantado o encargado de organizar aquela información máis relevante e desbotar os datos que poidan resultar innecesarios.

Neste punto debemos aclarar que a organización do profesorado é esencial posto que, en primeiro lugar, resultaría necesario establecer unha coordinación interdepartamental para a posta a punto das actividades, co fin de crear unha serie de actividades ben estruturadas e organizadas. En segundo lugar, habería ademais que contactar coa dirección do centro, para eventuais cuestións presupostarias derivadas das actividades a realizar fóra da aula, así como co profesorado do CEIP ou cos outros grupos cos que acabariamos colaborando. Finalmente, tamén sería necesario contactar coas familias do alumnado implicado, tanto para obter os permisos necesarios como para os eventuais desprazamentos no horario lectivo e extraescolar.

Unha vez tidos estes aspectos en conta, o profesorado pasaría a levar as diferentes actividades á práctica, xa na segunda fase. O noso grupo organizou estas actividades nunha unidade didáctica composta por seis sesións⁸, durante as que o alumnado traballaría distintos aspectos vinculados co Parque do Pasatempo nas diversas materias.

⁷ Na actualidade, o Parque atópase pechado. Non obstante, as actividades realizaríanse asegurando en todo momento o benestar do alumnado e evitando aquelas zonas de risco. O peche do Parque podería ser unha motivación engadida para o alumnado, xustificando a necesidade dunha intervención que cambie esta situación.

⁸ Gustaríanos aclarar que os proxectos ApS, se ben están totalmente organizados, non estipulan un tempo determinado para a súa execución, pois hai proxectos máis ou menos longos, é dicir, poden durar máis ou menos tempo dependendo sempre das circunstancias nas que se xere.. Neste caso, o noso grupo considerou que para levar a cabo todos os exercicios da unidade didáctica serían seis sesións. Supoñemos que na realidade, tendo en conta tanto o ritmo das aulas como o propio horario escolar, quizais estas sesións serían moito máis longas e non só ocuparían unha hora de aula, senón que serían necesarias dúas ou tres horas máis para levar a cabo cada unha delas.



Comprometémonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo
Erea Blanco Balvís, Paula Cousillas Pena, Miguel Giadás Quintela e Sara Pajón Soto

As sesións deseñadas son as que seguen

- **Sesión 1:** explicación do método Aprendizaxe Servizo e presentación do proxecto ao alumnado. Esta sesión primeira está dedicada a propoñer proxectos deste tipo. Normalmente, sería o propio alumnado quen debe buscar as problemáticas ou as necesidades existentes na contorna para logo traballar nesa dirección e propor unha solución. Con todo, no noso caso proporíamos traballar xa cunha necesidade establecida, o deterioro do Parque, facéndolle preguntas para activar os seus coñecementos e impresións sobre o tema. Entre as posibles preguntas que axudarían a introducir e guiar o tema está: coñeces o Parque? Visitastes algunha vez as súas instalacións? Que vos chamou a atención do Parque? Cando se pode visitar? Credes que está ben coidado? Que outros usos lle dariades? Credes que se está actuando ben con el?
- **Sesión 2:** busca de información na aula sobre o Pasatempo, coa finalidade de afianzarnos o coñecemento que temos sobre o asunto. Nesta sesión empregaranse tanto recursos electrónicos para a obtención de noticias relativas ao Parque como a propia biblioteca do centro. Desde esta perspectiva, ademais de coñecer profundamente o Parque e camiñarmos cara á concienciación na súa recuperación, outro dos obxectivos que se persegue nesta sesión é que o alumnado coñeza os recursos de investigación dispoñibles no centro e que se familiaricen coa biblioteca.
- **Sesión 3:** posta en común da información e reflexión sobre o estado actual do Parque. Esta sesión serviría para que o alumnado realizase un debate sobre a información recollida e aprendese así a ordenar os seus pensamentos para poder transmitirlos de xeito claro, conciso e directo ao resto da clase.
- **Sesión 4:** nesta sesión daríanse as pautas necesarias para que o alumnado elaborase unha guía turística do Parque, así como diversas directrices sobre como exercer de guías durante a ruta que se levará a cabo⁹. Esta guía, despois de ser realizada, podería ser traballada noutras materias de lingua, para pór en práctica a tradución. Paralelamente, proporíamos tras o debate a elaboración dunha carta formal dirixida ao Concello, na que recolleríamos a nosa impresión sobre o estado actual do Parque e pederíamos alternativas para a súa restauración. Ao mesmo tempo, aproveitaríamos para anexar a nosa proposta cultural en relación a ruta, coa finalidade de que puidesen incorporala dentro do ámbito turístico e, finalmente, solicitaríamos permiso para levala a cabo nas instalacións do Parque.
- **Sesión 5:** para esta sesión, dedica a elaboración da ruta turística, dividiríamos a clase en cinco grupos de acordo co número de zonas que distingamos dentro do Pasatempo. Cada grupo encargarase do estudo e presentación de cada unha das zonas: que monumentos hai, cal é a súa historia, que relación gardan con outros monumentos, cal foi a motivación da súa construción etc. O traballo en pequenos grupos facilita o avance e a comunicación entre os estudantes. Con este método de traballo permitimos que se coñezan máis, que discutan, que aprendan de maneira autónoma e que chegan a acordos entre eles. Cabe recordar, con todo, que o profesor ou a profesora debe servir en todo momento de guía.
- **Sesión 6:** esta última sesión estaría destinada á propia saída para realizarmos a ruta turística. Previamente, deberíamos acordar todos os detalles, de maneira que saibamos desde a hora de saída e chegada ata os grupos que executarán a visita, quen a recibirá, entre outros aspectos. Tras a visita

⁹ Sería interesante que o profesorado pola súa parte contactase con algún axente relacionado con este ámbito para que dese unha charla ao alumnado sobre como actuar neste tipo de contexto. Ademais, poderíamos aproveitar para que o alumnado puidese explicarlles a estes axentes a nosa proposta de ruta turística.



propriadamente dita, reservariamos a última parte do día para facer un xogo cos grupos que recibiron a ruta. Así, propoñeríamos dividilos en grupos e estes deberían responder a unha serie de preguntas sobre o Parque atendendo ás diferentes pistas proporcionadas pola organización¹⁰. Finalmente, sería interesante que puidesemos ofrecer unha serie de agasallos para aqueles grupos que obteñen maior puntuación no xogo.

Coa execución destas sesións traballariamos diferentes contidos establecidos desde o currículo oficial, o que demostra de maneira máis explícita a estreita relación existente entre os proxectos ApS e os ditos contidos. Así, relatamos a continuación algúns destes recollidos no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*:

B2.8.: uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

B2.9.: uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados dende o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

B2.12.: produción en soporte impreso ou dixital de cartas á dirección e columnas de opinión.

B2.13.: composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

B3.13.: participación en proxectos (folletos etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

Finalmente, unha vez realizadas as actividades da segunda fase, procederase á súa avaliación, xa na terceira e derradeira etapa do proxecto. Os resultados serán avaliados dende tres puntos de vista:

¹⁰ Presentamos no Anexo 1 unha pequena batería de preguntas que se pode realizar co alumnado do CEIP. Estas foron postas en práctica cas/os nosas/os compañeiras/os do mestrado, tras facer a explicación pertinente do Parque mediante fotografías.



Comprometémonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo
Erea Blanco Balvís, Paula Cousillas Pena, Miguel Giadás Quintela e Sara Pajón Soto

• **Perspectiva do alumnado:** na clase o estudantado implicado realizaría unha autoavaliación, destacando os aspectos positivos deste tipo de aprendizaxe e tamén aquilo no que consideren necesario mellorar.

• **Perspectiva do profesorado:** o profesorado implicado no proxecto tamén debería facer unha avaliación tanto do seu traballo coma do traballo do alumnado, tendo en conta os aspectos positivos e negativos atopados durante a posta en práctica da unidade didáctica e considerando aquilo que debe ser modificado. Así, a partir desta unidade poderán crearse outros proxectos similares no futuro.

• **Perspectiva da contorna:** tanto o profesorado coma o alumnado serán os responsables de avaliar se o proxecto tivo impacto na contorna e foi realmente útil para a difusión do patrimonio de Betanzos.

Para realizar as avaliacións sería conveniente empregar rúbricas, xa que se trata dun instrumento de control efectivo e preciso. No anexo 2 propoñemos unha posible rúbrica a modo de exemplo de como avaliar o proxecto por medio deste método.

Conclusión

A través do presente artigo quixemos demostrar como o ámbito educativo pode implicarse e contribuír na mellora de diferentes problemáticas existentes na sociedade, posto que nós entendemos a educación como un dos piares fundamentais da sociedade polo seu potencial transformador.

Concretamente, os proxectos ApS convertéronse nunha referencia pedagóxica

exemplar, porque contribúe a mellorar diversos campos ao mesmo tempo. Así, por un lado, e a través do traballo coordinado entre profesorado e estudantado, esta metodoloxía permite acadar unha educación máis significativa e integral, ao mesmo tempo que este se converte en axente activo do proceso de ensino-aprendizaxe; e, por outro, a escola convértese nun elo máis dentro da sociedade, conectándose de maneira máis real con esta, coa que establece unha relación moito máis directa e consciente.

Todo isto permite que o centro educativo se conecte coas necesidades existentes na contorna e se converta nun axente máis que puxe pola transformación desa realidade. Neste sentido, e tal e como ficou claramente demostrado non só con este artigo senón con todas as reclamacións e noticias existentes en relación co Parque do Pasatempo, resulta evidente o deterioro e a preocupación polo estado no que se encontra esta peza fundamental do noso patrimonio material.

Con todo, gustaríanos remarcar que somos conscientes das limitacións da nosa proposta aquí exposta, posto que como xa mencionamos, esta foi froito dun exercicio hipotético que realizamos como estudantes no mestrado, mais aínda así a nosa achega é aproveitábel, xa que con ela a persoa lectora pode ter unha idea moito máis práctica de como se realizaría un proxecto ApS, ao mesmo tempo que se fai unha visión moito máis palpábel das vantaxes desta ferramenta.

Así, o traballo en grupo, a toma de decisións, a perspectiva interdisciplinar, a implicación do centro educativo coa sociedade son aspectos que responden a numerosos obxectivos e competencias marcados desde o currículo oficial, e que precisamente se poñen en funcionamento dentro destes proxectos, polo que estes son perfectamente aplicables dentro do sistema educativo.



BIBLIOGRAFÍA

- ASSOCIACIÓ CENTRE PROMOTOR (2019). *Centre Promotor de Aprenentatge Servei*. Disponible en: <https://aprenentatgeservei.cat/> (Último acceso: 09/10/2019)
- ARCAÏ BARRAL, Ángel (2018). *O Parque do Pasatempo de Betanzos. Narrativas para comprender un patrimonio profano*, 1º Premio Masonería Aberta, Universidade de Vigo e Instituto de Estudios Masónico de Galicia.
- ASOCIACIÓN DE AMIGAS/OS DO PARQUE DO PASATEMPO (2013). *Pasatiempo*. Disponible en <https://parquepasatiempo.blogspot.com/> (Último acceso 09/11/2019).
- BATLLE, Roser (2019). *Blog de Aprendizaje-Servicio de Roser Batlle*. Disponible en: <https://roserbatlle.net/> (último acceso 09/11/2018).
- BATLLE, Roser (s.d.). *Guía práctica de Aprendizaje-Servicio*. Santillana Educación S.L. Disponible en <https://roserbatlle.net/wp-content/uploads/2018/09/Guia-practica-ApS.pdf> (Último acceso 09/11/2019), p. 35.
- CABANA VAZQUEZ, Ignacio, PATO IGLESIAS, Mª Luz e SOUSA JIMÉNEZ, Xosé (1991). *El Pasatiempo. O capricho dun indiano*. Sada, Edicións do Castro.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia". *Diario Oficial de Galicia*, 29 de xuño de 2015, núm. 120, p. 25434. Disponible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html. (Último acceso: 09/11/2019).
- CONVIVES: Asociación para la convivencia positiva en los centros educativos (2016). "Entrevista a Roser Batlle Suñer". En *Revista digital de la Asociación Convives: Aprendizaje Servicio y convivencia*, nº 16. Disponible en: <http://convivesenlaescuela.blogspot.com/2016/12/revista-convives-n-16-aprendizaje.html> (Último acceso 08/11/2019), p. 101.
- CRESPI RODRÍGUEZ, José (2006). "Revalorización del Parque Histórico de El Pasatiempo: Investigación, gestión e intervención". En *Anuario Brigantino*, nº 29. Concello de Betanzos, pp. 439-490.
- DE LA FUENTE GARCÍA, Santiago (1999). "Los Hermanos García Navas y sus fundaciones". En *Anuario Brigantino*, nº 22. Concello de Betanzos, pp. 395-433.
- ERÍAS MARTÍNEZ, Alfredo e VEIGA FERREIRA, Xosé María (2001). *Betanzos fotográfico. Imaxes dos séculos XIX e XX*. Betanzos, Edición do Excmo. Concello de Betanzos.
- GÓMEZ TEIJO, Catuxa (2019). "O Parque do Pasatempo como recurso educativo: unha proposta interdisciplinar". En *Casa dos Espellos*, nº 2. Betanzos, Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo, pp. 204-2014.
- MARIÑO ESPIÑEIRA, Delfín (1999). "El Pasatiempo: pionerismo escénico del Jardín Temático". En *Anuario Brigantino*, nº 22. Concello de Betanzos, pp. 445- 456.
- MARIÑO ESPIÑEIRA, Delfín (2000). "Mito y utopía: sabiduría pedagógica del Pasatiempo". En *Anuario Brigantino*, nº 23. Concello de Betanzos, pp. 423-476.
- RODRÍGUEZ ARNAO, Juan Antonio (2018). "Visitando la Historia: Chamoso Lamas en el Pasatiempo (1955)". En *Anuario Brigantino*, nº 41. Concello de Betanzos, pp. 493-508.
- URUÑUELA NÁJERA, Pedro María (2018). *La metodología del Aprendizaje Servicio: aprender mejorando el mundo*. Madrid, Narcea ediciones. Disponible en: <https://ebookcentral.proquest.com/lib/universidadcomplutense-ebooks/reader.action?docID=5513584> , p.112 (Último acceso: 09/11/2019).



Comprometémonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo
Erea Blanco Balvís, Paula Cousillas Pena, Miguel Geadás Quintela e Sara Pajón Soto

ANEXOS

Anexo 1: Exemplo de batería de preguntas para realizar o xogo cos diferentes grupos cos que se realizase a visita

1. En que outra cidade en España atopamos leóns custodiando a entrada dun edificio emblemático?
 - a. Sevilla
 - b. Madrid
 - c. A Coruña

2. Cal dos seguintes relevos se atopan no parque do pasatempo?
 - a. Muralla China e Torre de Hércules
 - b. Mezquita Mohamed Ali e Muralla China
 - c. Torre de Hércules e Viaxe a Exipto

3. Que parque representa o estanque central do Pasatempo?
 - a. Castrelos, Vigo
 - b. Retiro, Madrid
 - c. Bonaval, Santiago

4. Cantas horas do mundo están representadas no panel das horas do mundo?
 - a. 39
 - b. 41
 - c. 36

5. En que fonte se inspiraron os irmáns para a Fonte das 4 estacións?
 - a. Fonte da plaza Louvois, Francia
 - b. Fontana di Trevi, Italia
 - c. Fonte do Xeneral Trump, EEUU

Anexo 2: exemplo de rúbrica de avaliación empregada na terceira fase do proxecto

CATEGORÍA	4	3	2	1
Traballo en equipo	O/a alumno/a participou nas distintas tarefas mantendo unha actitude colaborativa cos/as demais compañeiros/as e esforzándose en realizar con éxito as actividades demandadas.	O/a alumno/a participou nas distintas tarefas mantendo unha actitude colaborativa cos/as demais compañeiros/as e realizou as actividades demandadas.	O/a alumno/a participou nas distintas tarefas e realizou as actividades demandadas.	O/a alumno/a non participou nas distintas tarefas e non realizou as actividades demandadas.
Actitude do grupo	O/a alumno/a mantivo unha actitude de respecto e compañeirismo cos/as compañeiros/as durante a realización das actividades, prestando a súa axuda cando fose necesario.	O/a alumno/a mantivo unha actitude de respecto cos/as compañeiros/as durante a realización das actividades, prestando a súa axuda cando fose necesario.	O/a alumno/a mantivo unha actitude de respecto e compañeirismo cos/as compañeiros/as durante a realización das actividades.	O/a alumno/a non mantivo unha actitude de respecto cos/as compañeiros/as durante a realización das actividades e non prestou a súa axuda.
Adecuación das actividades	Todas as actividades se adecuaron ao proxecto.	A maioría das actividades adecuouse ao proxecto.	Só unhas poucas actividades se adecuaron ao proxecto.	Ningunha actividade conseguiu adecuarse na súa totalidade ao proxecto.
Colaboración entre os centros educativos	O IES e o CEIP colaboraron estreitamente para que o proxecto se realizase con éxito, poñendo á disposición do profesorado e do alumnado os recursos necesarios.	O IES e o CEIP colaboraron para que o proxecto se realizase con éxito, poñendo á disposición do profesorado e do alumnado os recursos necesarios.	O IES e o CEIP colaboraron estreitamente para que o proxecto se realizase con éxito.	A colaboración entre o IES e o CEIP foi pobre, o que influíu negativamente na consecución dos resultados.
Colaboración entre o profesorado	O profesorado colabourou activamente, mantendo unha comunicación óptima para o desenvolvemento do proxecto.	O profesorado colabourou activamente, mantendo unha boa comunicación para o desenvolvemento do proxecto.	O profesorado colabourou activamente.	O profesorado non colaborou activamente, e a comunicación entre os departamentos foi escasa.
Impacto na contorna	O proxecto tivo un impacto notable na contorna e observáronse resultados positivos na concienciación social no respecto ao patrimonio.	O proxecto tivo impacto na contorna e observáronse resultados na concienciación social no respecto ao patrimonio.	O proxecto non tivo un impacto significativo na contorna e non se observaron resultados significativos na concienciación social no respecto ao patrimonio.	O proxecto non tivo apenas impacto na contorna.



NORMAS DE PUBLICACIÓN

TEMA

CasadosEspellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén un interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descrición biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabéticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

